



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

ANEXO II  
FASE DE OPOSICION

APELIDOS E NOME:

NIF:

EXAME TIPO TEST - ANIMADOR/A DEPORTIVO  
25/03/2024

1º) A forma política do estado español é:

- a) O Parlamentarismo Bicameral
- b) A Monarquía Parlamentaria
- c) O Parlamentarismo Democrático
- d) A Monarquía Institucional

2º) Señala a resposta incorrecta.

Segundo o establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. En todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ao menos, os seguintes suxeitos:

- a) As persoas físicas.
- b) As persoas xurídicas.
- c) Quenes exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional.
- d) Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentaria pra cada Administracións.

3º) Segundo o establecido no artigo 6 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

- a) A bandeira de Galicia e branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa desde o ángulo superior esquerdo ata o inferior dereito.
- b) A bandeira de Galicia e azul, cunha banda diagonal de cor branca que a atravesa desde o ángulo superior dereito ata o inferior esquerdo.
- c) A bandeira de Galicia e branca cunha banda diagonal de cor azul que a atravesa desde o ángulo inferior esquerdo ata o superior dereito.
- d) A bandeira de Galicia e azul cunha banda diagonal de cor branca que a atravesa desde o ángulo inferior esquerdo ata o superior dereito.

4º) Señala a resposta incorrecta.

En todos os concellos deberanse prestar, en todo caso, os seguintes servizos:

- a) Alumbrado Público
- b) Recollida de Residuos.
- c) Abastecemento de auga potable.
- d) Transporte colectivo urbano de viaxeiros.



**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

5º) Tendo en conta que a poboación do Concello de Fisterra está incluída no tramo de 2.001 a 5.000 habitantes, ¿cantos concelleiros compoñen o pleno da corporación do concello de Fisterra?:

- a) 7
- b) 9
- c) 11
- d) 13

6º) Son principios da acción preventiva, segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais:

- a) Combater os riscos na súa orixe.
- b) Avaliar os riscos que non se poden evitar.
- c) Adoptar medidas que antepoñan a protección colectiva á individual.
- d) As tres respostas anteriores son correctas.

7º) Sinala a resposta incorrecta, referida á discriminación na Lei para a igualdade efectiva de homes e mulleres:

- a) Distingue entre discriminación directa e indirecta
- b) Considera discriminatoria toda orde de discriminar, directa ou indirectamente, por razón de sexo.
- c) No acceso ao emprego, unha diferenza de trato por razón de sexo sempre constitúe discriminación
- d) Constitúe discriminación directa por razón de sexo todo trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade

8º) As funcións da Actividade Físico- recreativa son:

- a) Recreativa, social, educativa e utilitaria.
- b) Función educativa, función recreativa e función de rendemento.
- c) Función educativa, función recreativa e función de competición.
- d) Función de rendemento e función de competición.

9º) ¿Cal destas infraestruturas deportivas non pode estar no medio natural?

- a) Unha Vía Ferrata
- b) Unha Vía de Escalada
- c) As dous anteriores
- d) Un campo de Fútbol

10º) Na fase de volta á calma dunha sesión con persoas maiores pódense realizar:

- a) Exercicios respiratorios
- b) Exercicios de relaxación
- c) Exercicios de elongación muscular
- d) Todas as respostas son correctas



CONCELLO DE FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

11º) ¿Cal destas tarefas específicas non corresponde á organización dun evento deportivo?

- a) Memoria final
- b) Rehabilitación xeral**
- c) Seguridade: caixas de primeiros auxilios, contacto con primeiros auxilios.
- d) Traslado de material e equipamento á instalación

12º) O "Test de Cooper" consiste en percorrer a máxima distancia durante:

- a) 5 minutos
- b) 10 minutos
- c) 12 minutos**
- d) 30 minutos

13º) ¿Que avalía o test de "Course Navette"?

- a) A velocidade de reacción.
- b) A resistencia**
- c) A flexibilidade estática.
- d) A forza

14º) A oferta de instalacións deportivas locais a clubs e particulares é competencia de:

- a) As Entidades Locais**
- b) Os clubs
- c) As Asociacións
- d) As Federacións

15º) ¿A que idade temos a máxima capacidade para realizar tantos esforzos aeróbicos como anaeróbicos?

- a) De 16 a 22 anos
- b) De 22 a 30 anos**
- c) De 30 A 40 anos
- d) a partir de 40 anos

16º) ¿Cal destas actividades físicas é menos apropiada para persoas da terceira idade?

- a) Natación.
- b) Montar en bicicleta.**
- c) Atletismo.
- d) Pilates

17º) ¿Con que frecuencia, recoméndase actividade física en persoas da terceira idade?

- a) De 1 a 3 días á semana.
- b) De 3 a 5 días á semana**
- c) 7 días á semana.
- d) Polo menos unha vez á semana.



**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

18º) Unha política deportiva municipal baseada na centralización dos servizos equivale a:

- a) Xestión indirecta
- b) Concerto
- c) Xestión directa**
- d) Xestión interesada

19º) ¿Que clubs deportivos pertencen o concello de Fisterra?

- A) S.D.Fisterra
- b) Futsal Fisterra
- c) Club Nautico Fisterra
- d) Todas son correctas**

20º) ¿Que instalación deportivas non pertencen o concello de Fisterra?

- a) Campo de Fútbol Arasolis
- b) Pabillon polideportivo
- c) Parque Biosaudable
- d) Pista de padel**

R1) As Forzas Armadas están constituídas por:

- a) O Exército de terra, co apoio loxístico da Armada e do Exército do Aire.
- b) A Xunta de Xefes do Estado Maior.
- c) O Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire.**
- d) O Exército de Terra, a Armada, o Exército do Aire e o conxunto de corpos e forzas de Seguridade do Estado.

R2) Sinala a resposta correcta:

- a) A formación dos traballadores deberá impartirse só nas horas de traballo e nunca fóra deste horario.
- b) O dereito dos traballadores á vixiancia periódica da súa saúde non pode ser prolongado despois do remate da súa relación laboral.
- c) O goberno establecerá as limitacións á contratación de xoves menores de dezaioito anos en traballos con riscos específicos.**
- d) Nas contratacións a través de empresas de traballo temporal, son éstas as responsables das condicións da execución do traballo no relacionado coa protección da seguridade e saúde dos traballadores.

R3) ¿Que deporte practican os equipos da S.D.Fisterra?

- a) Patinaxe
- b) Fútbol**
- c) Baloncesto
- d) Vela



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

**R4) ¿Que deporte non se pode practicar no pavillon municipal?**

- a) Fútbol
- b) Baloncesto
- c) Badminton
- d) **Hockey sobre patins**

RESPOSTAS CORRECTAS					
1	B	9	D	17	B
2	A	10	D	18	C
3	A	11	B	19	D
4	D	12	C	20	D
5	C	13	B	R1	C
6	D	14	A	R2	C
7	C	15	B	R3	B
8	A	16	B	R4	D

### ANEXO II FASE DE OPOSICION

**APELIDOS E NOME:**

**NIF:**

**PROBA PRÁCTICA - ANIMADOR/A DEPORTIVO  
25/03/2024**

- Redacte e desenvolva unha proposta de animación deportiva anual para o Concello de Fisterra.

